



CIRCULAR 25-2025.

CIRCUITO GALEGO DE MARCHA ATLÉTICA 2025

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Circuito Galego de Marcha Atlética masculino e feminino.

Art.2).- Poderán intervir atletas con licencia en vigor pola F.G.A.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns anterior a cada proba.

Art. 4).- Calendario do circuito:

DATA	PROBA	LOCALIDADE	TIPO
09/02/25	Campionato de Galicia de Marcha en Ruta	A Pobra	Ruta
12/04/25	Trofeo Marcha en pista	Cervo	Pista
04/05/25	Trofeo Marcha en pista	Pendente	Pista
07/06/25	Trofeo Josefina Romero	A Coruña	Ruta
22/11/25	Campionato de Galicia de Marcha de Inverno	Pendente	Pista
28/12/25	Trofeo Marcha en ruta	Ames	Ruta

Art. 5).- Programaranse probas para as seguintes categorías e distancias:

CATEGORIA	DISTANCIAS
Sub 10	1.000 m.
Sub 12	2.000 m.
Sub 14	2.000/3.000 m.
Sub 16	3.000/5.000 m.
Sub 18, 20, 23	5.000/10.000 m.
Absoluta e Máster	5.000/10.000 m.

Art. 6).- Sistema de puntuación. En cada proba e categoría puntuarán os dez primeiros atletas clasificados, segundo a seguinte puntuación: 10 puntos ao primeiro, 9 ao segundo, 8 ao terceiro, 7 ao cuarto, 6 ao quinto, 5 ao sexto, 4 ao sétimo, 3 ao oitavo, 2 ao noveno e 1 punto ao décimo.

Art. 7).- Clasificacións

- **Por equipos.** Os 3 clubs con maior puntuación entre todas as categorías, tanto en homes como en mulleres, recibirán un trofeo.
- **Individual.** Os 3 atletas con maior puntuación por categoría, tanto en homes como en mulleres, recibirán unha medalla. A categoría máster será unha categoría única, de 35 anos en adiante.

En caso de empate, resolverase en favor da persoa/equipo con mellor puntuación no Cto. de Galicia de marcha de inverno; de persistir o empate, en favor do que obteña mellor puntuación no Cto. de Galicia de marcha en ruta; de continuar co empate, en favor da persoa/equipo que teña acadados máis puntos no último trofeo do circuito; de persistir, valorarase o penúltimo trofeo, e así sucesivamente ata a súa resolución.

Art. 8).- Entrega de premios. Realizarase na última xornada do circuito.



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

A Coruña, a 20 de xaneiro de 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo